

LEMBRANDO AS NOSAS VODAS



Xosefa e Eladio, na súa voda en Abade, nos anos vinte

Básicamente os lances amorosos e sexuais non cambiaron nada a través do discorrer da vida, dende que o home e a muller apareceron sobre a face da Terra. Sentimentos tales como amor, o desexo, os celos ou o desamor, son eternos e universais, as ramas floridas ou espiñentas da árbore da vida, a cal afunde as súas raíces, dende a noite dos tempos, na orixe mesma, no instinto primixenio da procreación e a conservación da especie.

Sen embargo, si que cambiaron, e moito, as circunstancias, os modos, o ambiente e o contexto. O rol da muller, por exemplo, cambiou para mellor e de xeito transcendental, por longo que sexa o camiño que aínda queda por percorrer.

Pero que os xoves non pensen que as mulleres de hai cincuenta ou sesenta anos eran seres débiles e pusilánimes, sometidas aos caprichosos antollos dos homes. Habíaas, como agora. Pero, á marxe do papel social, e por enriba del, está a esencia da persoa, a súa cerna. E aí, no xogo de vontades, prevalece o espírito máis forte, o carácter e a determinación. E así, de portas para dentro, e ata a veces para fóra, a muller sabía defenderse e xogar as súas cartas nos feitos da vida diaria.

Iso tráeme á memoria un par de historias que oín contar aos meus avós e que vou a relatar aquí a título persoal, como narradora deste texto.

Correndo os primeiros anos da posguerra, na parroquia de Abade, había unha maestra de escola, muller independente e moi súa en canto aos seus posicionamentos políticos. Gustába de visitar a uns amigos que vivían en As Enchousas, lugar por aqueles tempos remoto, do concello de As Somozas e distante dabondo do lugar onde ela vivía. Ás veces facíasele de noite, pero ela volvía soa para a casa sin problemas e sabíase que incluso con frecuencia, volvía a altas horas da madrugada, percorrendo kilómetros e kilómetros de monte deshabitado.

Unha noite oíu: "¡Alto! ¿Quién va?" E era unha parella da Garda Civil que patrullaba a zona. En canto comprobaron que era unha muller, tomárona por tola, e increpárona, recriminándolle o seu comportamento temerario; advertíndoa dos perigos que para unha muller podería supoñer andar soa polos camiños a tales horas, ofrecéronse para escoltala ata a casa.

Pero ela, feminista convencida, e indignada, lonxe de amilanarse, sinaloulles o ridículo e anticuado das súas obxeccións e, aproveitando o auditorio, informounos do seu pensamento sobre a igualdade de dereitos entre a muller e o home, e outros asuntos relacionados. Os gardas, atónitos, non atinaron a rebatir os seus argumentos, e, indecisos, deixárona proseguir soa o seu camiño que por certo siguiu percorrendo cantas veces lle deu a gaña sen maiores contratempos.



Noivos de S. Xoán no ano 1944 (Foto cedida por M^a Teresa Picos)

A segunda historia, graciosa e un pouco picante, refírese a unha familia de varias irmás, solteiras todas, que residían no val de Moeche. Eran mulleres dispostas, acostumadas a loitar sen remilgos coas dificultades da vida. Mozas recias, así eran elas. Bragadas, onde as houbera. E xenerosas á hora de repartir os seus alegres favores.

O caso é que deron na idea, divertida para elas, de gastar certa broma a algúns rapaces aos que escollían por criterios que só elas saberían: escarmento, vinganza tal vez... Unha delas citaba ao mozo para un encontro no lindeiro. O rapaz presentábase, prometéndoseas moi felices e, cando estaba a punto de entrar en materia e o asunto se animaba, aparecía o resto das irmás e entre todas atábano a unha árbore, e despoñándose da roupa, contoneábanse espaldas diante del para que fose vendo o que se ía perder. E se

se soubo a historia, non foi por os mozos, quizais un pouco avergonzados, senón por elas, que facían alarde da fazaña.

Se este episodio tivese lugar na actualidade, a xente faríase linguas e cruces sobre o descaro das mozas de hoxe en día. Pero, como se ve, nunca houbo baixo o sol máis virtude, nin máis pecado do que hai ou haberá.

A culminación triunfal e feliz dos noivados era , naturalmente, o matrimonio. A voda , xa se sabe, é o “happy end” das historias de amor, e nela cifraban as rapazas todos os seus soños e esperanzas románticas... e prácticas, xa que casarse era o seu principal destino, e era difícil subtraerse á tremenda presión familiar e social. En canto aos homes, o asunto era moi diferente nalgúns aspectos. É verdade que eles tiñan máis que perder en canto a liberdade, xa que eran moi donos de disfrutar de múltiples amores e vivir a xuventude apurándoa ata as feces. E, ¿Qué rapaz non lembra ser bombardeado con humor por outros, nas vésperas do seu matrimonio, con frases como: “*¡Xa che botaron o lazo!*”, “*¡Vas caer na trampa!: ¡Fuxe!*”, “*¡Colle o tren e, onde te deixe, colle outro!*”, “*¡Vas dereito ao cárcere!*”..., e outras do mesmo ou parecido cariz?.

Pero, ¡Ai!..., ¡a súa desgracia era que eles mesmos se atopaban ansiosos por caer nela!... ¿Ou acaso imos esquecer que tamén no peito masculino latexaba un corazonciño entenrecido, agardando polas promesas do futuro? Ademais, nun tempo no que os ciclos da vida transcorrían con rapidez, un home, despois dos vinteseis ou vinteseite anos, xa empezaba a ser considerado solteirón, condenado a vagar de festa en festa, arrimado aos toldos, mirando como se divertían os máis novos e sen moitas esperanzas de poder conquistar a unha rapaciña nova e virxinal, tal como era o seu desexo.

O caso é que, consideracións materiais e mundanas aparte, os noivos en xeral, abordaban o momento da súa voda con ilusión e amor, como foi e será sempre, dende que o mundo é mundo.



Toñito e Maruja na súa voda en Labacengos no ano 1960

A petición de man

Era costume que cando os noivos decidían casarse, o rapaz e os seus pais acudisen á casa da moza para facer a petición de man. Normalmente, os pais dela convidábanos a unha comida ou cea durante a cal se levaba a cabo a petición, e, así, entre prato e prato, os proxenitores, máis pendentes da vertente prosaica da cuestión, abordaban as diversas consideracións prácticas, deixando que os ruliños arrolasen o seu amor mentres tanto.

Había que ter en conta a data do enlace, a dote, se a había, e, moi importante, o lugar onde ían a residir os recen casados tras o enlace. Era moi usual que a parella fose a vivir, polo menos nun principio, á casa dos pais dun deles: os que mellor situación económica gozasen, os que máis sitio tivesen na casa, ou, sinxelamente, os que máis interese puxesen en acollelos. Coa chegada da industrialización e o emprego masivo dos mozos nela, as parellas puideron acadar vivenda propia, xeralmente marchando ás cidades, e unha maior independencia; pero mentres se traballou no campo, os donos das terras eran os maiores, e poucas veces as novas parellas podían permitirse o luxo de unha casa para si, e menos mal se os pais se podían permitir acollelos na propia; eran dúas bocas máis que alimentar, pero eran tamén catro mans máis para traballar, e moi duro. Xeralmente, se un dos membros da parella era fillo único, xa era considerado un bo partido, herdeiro dos bens da familia, por escasos que fosen, e era nesa casa na que se instalaban.

Oposición paterna

En fin, que todas esas consideracións prácticas eran tratadas polos pais, que naqueles tempos exercían unha autoridade relevante na vida dos seus fillos. Tanto era así, que en moitas ocasións, os proxectos amorosos das parellas víanse truncados pola oposición dos pais dun deles, xeralmente os que estaban mellor situados economicamente, e que se opoñían ao matrimonio por non considerar á outra parte suficientemente aceptable para as súas aspiracións. Na maioría das ocasións, as diferencias económicas eran irrisorias, practicamente inexistentes, meras comparacións entre “pobres” e “un pouco menos pobres”, pero abundaban para que estes últimos tivesen a menos emparentar con aqueles que tiñan por indignos de formar parte da súa familia. Consideracións tales como o amor, ou a vontade dos fillos, eran tidas por ridículas ou frívolas ao enfrontarse a asuntos máis serios e de máis longo percorrido, como os ferrados de terra que a outra parte posuía ou non, o prestixio social ou a falta del que puidera ter na comunidade, ou a boa ou mala reputación da rapaza.

Entre nós, lembramos infinidade de casos en que a parella tivo que romper as súas relacións (incluso cando a noiva quedaba encinta) a causa da oposición paterna. E os xoves, amedrentados pola perspectiva do rexeitamento familiar, obedecían case sempre, pois, naqueles tempos tan duros, e carecendo de emprego, ¿qué sería deles se faltaba o apoio familiar? Outros, en cambio, revolvíanse ou tomaban medidas extremas e ata tráxicas.


Tal foi o caso, que estremeceu a todo o contorno, dunha parella de mozos que tiñan prohibidos os seus amores polos pais dun deles. Volvendo dunha festa de S. Xurxo, apartáronse dos demais, mais ninguén lle prestou maior atención, pensando que

andarían en asuntos amorosos. Pero ao día seguinte, apareceron aforcados, os dous xuntiños, cara con cara, colgados dunha corda, nunha árbore dun campo de O Foxo, preto da antiga Casa do Concello.

Outro caso moi curioso e que lembramos moi ben é o de aquela rapaza á que os seus pais tiveron longo tempo pechada na casa, no seu cuarto, para impedir que se puidera ver có seu namorado, un rapaz a quen rexeitaban porque aspiraban a que se casase con outro máis rico. O rapaz entrou en relacións con outra moza dun concello veciño, e chegou ata a amoestarse con ela... Pero el tiña outro plan... Tan pronto como estivo amoestado, os pais da moza cativa, levantáronlle o arresto, crendo que xa pasara o perigo. Mais, dun día para outro, ámbolos dous desapareceron, fuxidos, e non se soubo deles ata pasados os anos, cando nunha romaría lonxana, preto da Coruña, uns familiares os atoparon por casualidade. Pouco tempo despois, volveron a visitar ás familias, e todo se arranxou entre eles.

Unha fermosa historia de amor, sen dúbida, se exceptuamos á terceira en discordia..., é dicir, á rapaza utilizada e que quedou plantada case ás portas do altar. Pero, en fin, así é a vida e xa se sabe que a felicidade duns é o infortunio doutros.

É difícil, pero, se intentamos romper unha lanza en favor deses pais, lembremos que eran tempos duros nos que se loitaba pola simple supervivencia, e non restaban folgos para perder o tempo en consideracións románticas de relevancia menor para eles.



Irene e Luís, na súa voda en S. Xurxo

As amoestacións

O momento de ir a falar có cura para tratar do casamento e as amoestacións, era un momento de máxima discreción. A parella adoitaba esperar ao anoitecer para achegarse á casa do crego, evitando así que algunha persoa os puidese ver. Tal curiosa costume poderíase explicar tal vez polo interese dos xoves en causar un maior golpe de efecto sorpresa nun asunto que era motivo de satisfacción; ou tamén para evitar os murmuros da xente, cuxo pasatempo preferido, naqueles tempos en que non había televisión nin moito con que entreterse, era ocuparse da vida dos demais, e principalmente dos asuntos de amores.

Non había nada que puidese chafar máis a unha rapaza que cando algún coñecido lle soltaba: “*E oín que te amoestabas... ¿É verdade?*” Tampouco hai que descartar o temor á mala sorte que podía carrexar facer alarde de algo que aínda non era seguro: a noiva non respiraría tranquila ata que vise o anel ben colocado no seu dedo.

E entón o cura lía as proclamas durante tres misas seguidas. A Igrexa, institución tradicional onde as haxa, non variou nada dende hai moitos anos o procedemento para as amoestacións e as frases que as proclaman. Un exemplo: “*Xosé García García, fillo de Xoan García e María García, e natural de Labacengos, desexa contraer matrimonio con María López López, filla de Antón López e Laura López, e natural de Abade, según o manda Deus e o preceptúa a súa Santa Nai Igrexa. Se alguén coñece algún impedimento para que este enlace se leve a cabo, que fale agora ou que cale para sempre*”.

¿E qué motivos podería aducir alguén para impedir que o matrimonio se celebrase? Pois supoñamos que podería pasar que soubese que un deles estaba xa casado; ou que coñecese a existencia de lazos de sangue ignorados ou inconfesables entre os noivos.

As amoestacións acompañábanse tamén da súa corte de supersticións; por exemplo nin os noivos nin as súas familias podían asistir á misa os días en que se proclamaban, so pena de mortandade nos animais domésticos.

Lembra Asunción: *Meu cuñado chegou un domingo á casa moi preocupado. Rascando a cabeza por debaixo da gorra, presa de funestos presaxios, díxome: “Fun á Misa, e oín as túas amoestacións. Cando saía, un veciño recriminoume: ¿Cómo se che ocorreu vir á Misa?, ¡Nunca sorte vas ter cós porcos!”*

E quixo a casualidade ou a fatalidade que, tempo andando, houbera na zona unha epidemia de peste porcina e lle morreran a meu cuñado varios animais. E el quedou xa completamente convencido de que era por culpa de oír as amoestacións da miña voda.

E, tras as amoestacións, logo chegaba a data da voda. Ninguén recorda que un casamento tivera que ser suspendido porque algunha persoa opuxera algún impedimento ao enlace, anque si se deron casos en que o noivo, por algunha razón, ou sinxelamente por arrepentimento de última hora, deixou plantada á noiva tras as proclamas. Normalmente, se ousaba cometer tal informalidade, íase da aldea para non volver en moito tempo. De que a moza rompese có mozo estando comprometida, xamais se soubo.



Mozos de S. Xoán casados no ano 1937. Foto cedida por M^a Teresa Picos.

O enlace

O asunto do matrimonio non é tema banal en ningunha época, pero naquela na que a unión era indefectiblemente para toda a vida, o asunto non era como para tomalo a broma. Pero xamais iso desanimou aos xoves, que, somerxidos nas profundidades dos seus sentimentos, contemplan como imposible que algún día estes poidan cambiar. Pois, se un está namorado para toda a vida, nada hai máis natural que casarse para toda a vida. Ademais, por moito que se medite o paso, ¿alguén pode adiviñar o que nos deparará o futuro?

Sen embargo, a transcendencia do asunto non corría parella cós fastos da celebración, que eran, no mellor dos casos, os de un día calquera da festa do Patrón. Hai que lembrar que, aparte da escaseza de medios, os pais, naqueles duros tempos, gardábanse moito de ter comportamentos de excesiva compracencia cós seus fillos, temerosos de malcrialos ou mimalos en exceso. (¿...E podería ser posible que tivesen algo de razón?).

E chegaba por fin o esperado día do enlace. Casábamonos na igrexa, pois non existía outra opción, acompañados xeralmente dos familiares máis próximos e dos amigos, e tras a cerimonia, os noivos e as testemuñas firmaban nos libros de rexistro eclesiásticos e tamén nos documentos que o alguacil do Concello, que se atopaba presente, levaba despois ao Rexistro Civil para a súa inscrición nel. A pouco que

puideran, a maioría dos noivos procuraban ter un fotógrafo que os retratara na igrexa para que quedase un recordo para a posteridade.

Unha de nós lembra unha imaxe que lle quedou gravada dunha parella coa que se cruzou no camiño un domingo de choiva: viñan sós, calzados con zocas, e ámbolos dous cubertos cun saco pingando sobre as cabezas. E viñan de casarse.

Non é que todas as vodas fosen así, pero tampouco era moi infrecuente. Cada casa e cada parella celebraba de acordo aos seus recursos, ou tamén, ás veces, á súa intención.

Os noivos vestíanse coas mellores galas que a súa economía lles puidese permitir: o rapaz de traxe e gravata, e a rapaza có seu mellor vestido de color escuro e, se era inverno, con abrigo escuro tamén, roupa que serviría para seguir usando posteriormente.

Lembra unha de nós que a camisa do seu noivo, a que pensaba levar para casarse, tiña o pescozo moi desgastado e unha irmá súa, máis experta en costura, lle deu a volta para que estivese máis decente para a cerimonia. E lembra o que entón era o seu noivo e agora marido dende hai moitos anos, que o día da voda pola mañá, tivo que ir a levar có seu camiión un viaxe de madeira de pino para a serra de Xesús de Balocos, e, tras descargala, sedento, foi tomar un refresco á “Casa de Chente”. Estando alí, coincidiu con Pepe, o alguacil do Concello, quen sorprendido, lle dixo:

- *Pero, ¿qué fas aquí?, ¿ti non te casabas hoxe?*
- *E penso casarme* (respondeulle o rapaz)
- *Pois vai apurando porque eu xa vou agora mesmo para a igrexa.*

E o rapaz foi para a casa, afeitouse de presa, puxo o traxe, incluíndo a camisa có pescozo arranxado, foi para a igrexa, e casouse tranquilamente. Logo foi, coa súa esposa e os convidados, a celebrar o banquete á que sería a súa casa para sempre, en S. Ramón.



Mozos de S. Xoán casados nos anos trinta. Foto cedida por M^a Teresa Picos

O primeiro vestido branco

Eran poucas as noivas que se casaban de branco cun traxe feito para a ocasión, pois ese sería para os pais un gasto caprichoso que ocasionaría grave quebranto para a pobre economía da maioría das familias. Pero algunhas mozas, empeñadas en lucir verdadeiras galas nupciais como as que se podían admirar nos reportaxes das poucas revistas que caían nas súas mans, rabuñaban de onde podían o diñeiro e aforraban como fose para confeccionar o vestido na modista e poder cumprir o seu desexo de verse compostas como as que naquela época eran pouco menos que noivas de película.

Esther, sempre feminina e coqueta, lembra orgullosa como foi ela a primeira noiva da súa parroquia, Labacengos, en levar vestido branco o día da súa voda. Luciu un fermoso vestido confeccionado por súa madriña Encarnación, muller de moi bo gusto e gran modista nos seus tempos. Completaban e perfeccionaban o conxunto uns zapatos brancos de tacón, e, alugados nun comercio da ferrolán rúa Galiano, a mantilla española de branco encaixe antigo, e os guantes, que lle permitiron tapar as mans estragadas de recoller, durante un ano, a flor do toxo que logo vendería por peso na feira de A Barqueira, conseguindo así o diñeiro para comprar o tan soñado reloxo de ouro polo que pagou setecentas pesetas.

Retratou o casamento o recordado e carismático “Susos de San Roman”, referente no mundo da fotografía e testemuña gráfica da nosa xuventude, da cal deixou infinidade

de imaxes para a posteridade, sendo figura imprescindible en vodas, festas, romarías e outros acontecementos que tiveron lugar en Moeche e un extenso contorno durante moitos anos. No coche del, percorreu Esther a curta distancia que separaba a igrexa da súa casa, e tamén o camiño de volta, xunto con Alfredo, xa convertido en marido, para celebrar a comida de vodas.

Pola tarde, e vestida cun elegante traxe de chaqueta azul mariño, confeccionado por a gran modista Pilar de Folgosa, partiu, xunto có noivo, a pasar a noite de vodas á fonda que na rúa Galiano, en Ferrol, tiña Nicasio de Senra, e que se coñece como “Bar Sevilla”. E hai que dicir que o seu pai se mostrou moi remiso á celebración, xa que segundo el, pasara pouco tempo dende que Esther deixara o loito de seis meses que gardara pola morte da súa avoa.



Esther e Alfredo na súa voda en Labacengos no ano 1958

O banquete de vodas

Tras a cerimonia relixiosa, xeralmente, a familia da noiva ofrecía unha comida aos invitados. Comida de Patrón: un cocidiño coa súa sopa, arroz con polo e, de sobremesa, unha bola de ovo ou biscoito, enfnadas no forno da casa xunto có pan e a empanada, o día anterior.

Un de nós lembra sorrindo cando foi a unha voda á que por parte do noivo só asistiu o pai, pois a nai estaba en desacordo có enlace. Tras a cerimonia, todos foron a comer á casa da noiva, tal e como era costume. O pai do noivo, serio, calado e meditabundo, cavilaba na incómoda situación na que se atopaba. Cando a comida remataba, anunciou que ían ir todos para a súa casa, e que ían ir, ademais, na “Rubia” de Armando de Labacengos (a “Rubia” era un coche de madeira con 15 prazas, para transportar xente). Cando chegaron, atoparon á súa muller – a nai do noivo- remexendo con moitos espaventos en grandes potas, golpeando con enerxía os testos, ¡pum!, ¡pum!, con trazas de estar moi enfadada, falando para si, e murmurando que ela só aceptaba na casa á madriña e á costureira.

Pero o home mandou sentar á mesa e os noivos e os convidados, un pouco acovardados, sentáronse e foron comendo. O matrimonio vello roñaba. Mais, coa comida e o viño, foise caldeando o ambiente e, cando, nun momento dado o home botou, literalmente, anís na gorxa da súa muller, esta calou de golpe, o mal humor foise disipando como por un milagre, e xa houbo festa e alegría para o resto da velada.

As cencerradas

Cando a voda tiña lugar entre viúvos, ou, cousa moi infrecuente, unha parella decidía compartir a vida sen estar casados, esa pequena digresión social era celebrada polos veciños ansiosos de diversión - tanto máis, canto que a Garda Civil a prohibía-, cunha algarabía nocturna chamada por estes lares "cencerrada".

Provistos de instrumentos, latas, testos de potas e paos, e armados ás veces con pistolas cargadas de sal coas que rompían paraugas e outras pequeneces, un grupo concorrido de veciños acudía ben entrada a noite ao curral da casa da parella para así amenizar e poñer música ás xa de por si entretidas noites dos recentemente casados ou arrexuntados.

Cantaban cancións, dedicábanlles coplas e charangas e, en xeral, alborotaban o máis que podían mentres a parella ficaba calada e a escuras dentro da casa. E segundo ben que o pasasen, a festa podía durar unha semana ou ata un mes.

Non é prato do gusto de ninguén verse como obxecto de chanzas e burlas, pero a actitude máis intelixente nestes casos seguramente sería facer como se nada pasase e agardar pacientemente a que amainase o temporal, xa que despois de todo, non había na chanza nada persoal. Pero algunhas parellas máis impacientes, ofendidas e alporizadas, avisaban á Garda Civil que axiña se apresuraba a poñer orde e disolver ao animado e burlón grupo.

Previndo este caso, un dos veciños quedaba vixiando o camiño para ver se aparecían os gardas, e un home de S. Xoán ata compuxo unha copla coa que avisaba ao resto dos festeiros se era mester. Decía así:

*“Vide, vide, compañeiros
Vide, vide con coidado,
que andan por aí
os do gorro atravesado”*

A lúa de mel

Naqueles tempos de escaseza, tamén nos medios de transporte, a lúa de mel, se a había, limitábase a un viaxe a calquera lugar dos arredores. Toñito e Maruxa viaxaron á casa duns familiares na Coruña, concretamente á casa da súa tía Celia Novo, quen, xenerosamente, non só os convidou a pasar uns días, senón que lles deixou a súa

habitación, a mellor da casa. Esta xa era unha viaxe de certa importancia, pois, por entón, ir á Coruña era asunto relevante, máis que hoxe en día é ir a Madrid; tiña que ser por causa de forza maior e requiría un día enteiro polo menos.

Algún de nós visitou Cedeira, e outros celebraron a lúa de mel indo á festa de Abade, ao día seguinte do casamento.

Pouco gozou da noite de vodas aquela parella que tiña primos convidados de Ferrol aos que lles foi imposible marchar para a súa casa, xa que, tras o enlace, comezou a chover auga a Deus dar. Tiveron que acomodarse nas camas que había na casa, algúns de tres en tres, ou de catro en catro, pés para cabezas. Pero os noivos non puideron durmir xuntos ata pasados uns interminables días e escampou por fin.

Algúns noivos, ao volver á casa dos pais tras pasar un día ou dous de lúa de mel, atopaban agardándoos algún traballo forte e pesado (como por exemplo sacar o esterco da corte), que os pais lles tiñan preparado para medir as forzas que traían de volta, sempre temerosos de pecar dun comportamento excesivamente brande ou compracente cós seus fillos. Este tipo de traballo quedaba reservado tamén por moitos pais, anque non todos, para o día seguinte das festas ou das feiras con baile, un pouco como castigo por tanto exceso de diversión.



Mozos de S. Xoán casados en Sevilla no ano 1944

Os agasallos de voda

É doado supoñer que naquela época os regalos non podían ser moi abundantes nin rumbosos; mais, como sempre, a maioría dos pais facían o que podían, que xa é moito: uns porquiños, unha galiña cunha rolada de pitos para empezar a vida se a parella se establecía soa...; cincocentas ou mil pesetas, segundo se puidera... Por parte dos amigos, algunha pota, pratos ou vasos, un xogo de café...; cen pesetas por parte dalgún veciño ou amigo que quixese ben..., e o máximo que acadou unha das máis novas de nós: cinco mil pesetas.

Lembra Teresa que seu avó, fachendoso pai de sete fillas e un fillo, que atribuíu tal abundancia de mulleres á súa gustosa costume de “fabricar” en determinada fase da lúa, dotou a cada unha delas con unha vaca, a medida que se ían casando aló polos anos trinta (e casounas a todas), o que o sitúa como campión da xenerosidade paterna entre os aquí presentes.

Moitas mozas, aínda carecendo de recursos, pero curiosas e apañadas, en chegando a rapaciñas xa comezaban a confeccionar o seu enxoval, ao que ían incorporando prendas có pasar dos anos. Sabas, toallas, manteis e outros tesouros, eran cosidos e bordados con ilusión e esmero nos escasos momentos ociosos e, a continuación, colocados nun baúl no que, perfumados de marmelos ou herbas aromáticas, descansaban, agardando xunto coa moza, o feliz momento para o que foran creados. Era costume bordar as iniciais da parella entrelazadas, mais, por precaución e superstición, esa era tarefa para facer tras o matrimonio, xa que non sería a primeira vez que unha moza imprudente, por adiantarse aos acontecementos, tivese que desfacer, mal que ben, a inicial do noivo reticente.



Irene e Luís na súa voda en S. Xurxo

..E ata agora

E a partir de aí, pasada a voda, a lúa de mel e os demais prolegómenos, chegaba a segunda parte, a que ven tras o final feliz da película. A vida de verdade. Con maiúsculas. A que nos levou ao longo dos anos polo camiño da batalla sen tregua para gañar o sustento; da loita sen cuartel para sacar adiante aos fillos; do esforzo sen límite por acadar ser donos de algo de nós: unha casa, unhas terras, uns aforros...

E, en fin, ata aquí chegamos. Algúns, xuntos coma sempre. Outros, lamentando a perda dos compañeiros para a vida.

Agora asistimos, perplexos, ás novas circunstancias, que botan por terra todos os principios que rexían as nosas vidas. Vemos como as parellas se rompen a cotío, permitindo que o chan firme desapareza baixo os pés dos seus fillos.

E nós pensamos: si, está ben, era necesario para algunhas situacións insostibles.

E, sobre todo, para algunhas mulleres que en tempos pasados tiveron que soportar malleiras, humillacións e vexacións de toda clase por parte dos seus maridos, dos que de boa gaña se separarían se fose posible. Pero unha separación naqueles tempos era un escándalo de proporcións maiúsculas cuxas terribles consecuencias salpicaban á familia por xeracións.

Tampouco a casa paterna sería, na maioría dos casos, un refuxio para acoller a unha filla maltratada, por moito que os pais a compadecesen, pois poderíase considerar que un matrimonio desgraciado sería unha cruz que levar na vida, si, pero unha cruz máis levadeira que a vergoña e o descrédito social que toda a familia se vería obrigada a soportar en caso de separación.

E así, aínda que de portas para dentro a traxedia roese a vida familiar, de portas para fora mantíñase a cabeza alta e, anque todos sabían a vida de todos, e a circunstancia non se ocultara a ninguén, se a fachada exterior seguía en orde, podíase considerar que o mundo marchaba como era debido. O único imperdoable era a digresión, a desviación da pegada no rego. Iso sempre é causa de desacougo.

Pero, aparte dos casos de clara necesidade, ¿qué dicir da frivolidade excesiva de hoxe en día nun asunto tan serio? Nós tamén tivemos problemas. O desamor, certas indiscrecións, as dúbidas, as discusións por problemas económicos, e unha serie longa de motivos de disputa entre os esposos, son vellos coñecidos das parellas dende os remotos tempos en que home e muller comezaron a unir as súas vidas para mellor afrontar o destino e o futuro. E non foron alleos a nós, nin a ningún matrimonio dende que o mundo é mundo. Tempos mellores sucederon a tempos peores, e viñeron a compensalos, facendo, día a día, o camiño da vida.

Nós non somos quen para opinar sobre qué se debe ou non perdoar, ou qué se debe ou non esquecer, xa que cada caso é singular e cada persoa é un mundo.

Pero si podemos dicir, situados neste punto da vida, que todo mereceu a pena. Que nos sentimos moi orgullosos de chegar ata aquí. E orgullosos de ser, aínda agora,

para os nosos fillos xa maduros, e os nosos netos, exemplo de perdurabilidade. Rocha firme no descorrer da vida. Porto seguro en tempos de forte marusía.